

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Israa's City (2020) da serie fotográfica «Between These Folded Walls, Utopia» (2017-2020) de Sarah Cooper e Nina Gorfer

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



CONTIDO

<i>AXENDA</i>	<i>3</i>
<i>FORMACIÓN</i>	<i>4</i>
<i>XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS</i>	<i>4</i>
<i>CONVOCATORIAS</i>	<i>5</i>
<i>SUXESTIÓNS</i>	<i>6</i>
<i>RECURSOS</i>	<i>6</i>
<i>REVISTAS</i>	<i>11</i>
<i>NOVAS DO DUVI</i>	<i>13</i>
<i>NOVAS</i>	<i>14</i>
<i>DATOS</i>	<i>15</i>
<i>FERRAMENTAS DE IGUALDADE</i>	<i>16</i>

XANEIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	29	30	31	1 <small>Ano Novo</small>	2	3	4
2	5	6 <small>Día de Reis</small>	7	8	9	10	11
3	12	13	14	15	16	17	18
4	19	20	21	22	23	24	25
5	26 <small>San Tomé de Aquino</small>	27	28	29	30	31	1

AXENDA

Presentación do informe do *Observatorio de Machismo Dixital da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo: Radiografía da violencia machista dixital. Unha análise crítica da representación na prensa dixital galega.*

Data por confirmar, publicarase a través das canles habituais da universidade e nos perfíles en redes sociais da Unidade de Igualdade.

FORMACIÓN

Aproximación á historia e memoria das mulleres no mundo contemporáneo para a docencia non universitaria. Diploma de especialista profesional. Matrícula aberta ata o 15 de xaneiro do 2026. (ES) [+Info](#)

Perspectiva de xénero e drogas. Curso para profesionais con edición en liña do 26 ao 29 de xaneiro do 2026. (ES) [+Info](#)

Microcredencial Atención a vítimas de violencia de xénero: unha visión teórico-práctica Do 16 de febreiro ao 10 de abril de 2026, cunha duración total de 50 h. (ES) [+Info](#)

Xustiza de xénero e dereitos humanos: combater o auxe do movemento antixénero. (EN) [+Info](#)
Curso masivo en liña organizado por Amnistía Internacional.

MOOC Unha historia global do sexo e o xénero: corpos e poder no mundo moderno. (EN) [+Info](#)

MOOC Feminismo e xustiza social. (EN/ES) [+Info](#)

A perspectiva de xénero nas políticas sanitarias (40 h). Curso da Escuela Virtual de Igualdad en liña reservado a persoal sanitario con certificado de aproveitamento. Iranse abrindo grupos ata 2026 que se cubrirán por orde de inscrición. [+Info](#)

As Rebeldes Periféricas. Disponíbeis os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

Campus Virtual de UNFPA. Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñibles. [+Info](#)

Feminismo, xénero e política. MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres (ES) [+Info](#)

Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero. (ES) [+Info](#)

Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade.

Inscrición aberta ata cubrir as prazas dispoñibles. (ES) [+Info](#)

XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS

I Congreso Internacional de Hispanistas sobre Estudos Literarios Femininos e Feministas Comparados. Universidad de Cadiz, 12, 13 e 14 de xaneiro. [+Info](#)

III Xornadas GENUSAL: «Impulsando a perspectiva de xénero en saúde». Universidad de Salamanca, 12 e 13 de febreiro. [+Info](#)

VIII Congreso Internacional Ciencia, Feminismo e Masculinidades (CICFEM26). Os días 27 e 28 de febreiro presencial e en liña na Universitat de València. [+Info](#)

Congreso Internacional «Muller rural e reto demográfico: propostas tanxibles para a institucionalización da perspectiva de xénero nas comunidades rurais». En formato híbrido os días 4 e 5 de marzo. [+Info](#)

I Congreso Internacional de Hispanistas sobre Estudos Literarios Femininos: «(Re)escrituras del canon: autoría feminista, genealogías críticas y poéticas disidentes». Universidad de Alcalá, 18, 19 y 20 de maio. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Investigaciones feministas. Tradución, feminismos e dereitos humanos: perspectivas interseccionais e identitarias para a xustiza global. Presentación de artigos ata o 15 de xaneiro de 2026. [+Info](#)

Congreso Internacional «Muller rural e reto demográfico: propostas tanxibles para a institucionalización da perspectiva de xénero nas comunidades rurais». Data límite de envío de propostas o 30 de xaneiro. [+Info](#)

Feminismo/s número 49 (publicarase en xaneiro do 2027). Cineastas africanas: sociedade, cultura e política. A data límite para o envío de artigos a través da páxina web da revista é o 31 de xaneiro de 2026.

Cuestiones de Género: de la Igualdad y la Diferencia. Está aberta a convocatoria 2025-2026 para o envío de artigos para formar parte do monográfico sobre Mulleres na historia de América Latina e o Caribe: Axencias, desafíos achegas desde a época moderna ata a actual, ata o 28 de febreiro de 2026. [+Info](#)

Journal of Women in Culture and Society. Crisis. Convocatoria aberta para o envío de artigos de análise crítica sobre a intersección entre xénero, sexualidade e as actuais crises políticas, climáticas e sociais. Aberta ata o 1 de marzo de 2026. [+Info](#)

Sexuality Research and Social Policy. Número especial: Xustiza e traballo sexual: desenvolvendo e descentrando debates.

A data límite para o envío de artigos é o 10 de abril de 2026. [+Info](#)


Investigaciones feministas. Xénero e opinión pública na sociedade contemporánea: fendas nas actitudes sociopolíticas e esfera dixital. Plazo aberto ata o 12 de abril de 2026. [+Info](#)

Behavioral Sciences. Número especial: Violencia sexual contra as mulleres en todos os contextos: prevención, educación e intervención.

Prazo aberto ata o 26 de maio do 2026. [+Info](#)

JMIR Medical Education: Nesgos, Diversidade, Inclusión, e Competencia cultural en Educación Médica. Aberto ata o 31 de xullo do 2026. [+Info](#)


SUXESTIÓNS



Vivimos nun tempo dominado polo malestar e as incertezas: debilitamento das comunidades; recortes nas políticas sociais e nos recursos de igualdade; medidas antimigratorias; precarización das condicións materiais de vida; crise da vivenda; aumento do militarismo; un xenocidio en Palestina e un pico histórico de conflitos armados como as guerras en Ucraína, Sudán do Sur, Myanmar, Etiopía, Iemen, a República Democrática do Congo, Mozambique e Somalia, e outros conflitos armados de alta violencia por todo o mundo; continúa a emerxencia climática que potencia desastres naturais; aumentan os discursos e políticas antifeministas e a saturación dixital ten consecuencias na desconexión persoal. Unha combinación que fai medrar o número de persoas vulnerables a vivir en risco de violencia. E tamén un contexto no que recuperar o desexo e a esperanza de igualdade social convertese nunha condición de posibilidade para pensar e vivir conxuntamente un futuro que non sexa só de mera supervivencia.

O [Global Gender Gap Report 2025](#) sitúa a fenda global pechada ao 68,8 %, cunha mellora de só 0,3 puntos respecto de 2024; ao ritmo actual precisaríanse 123 anos máis para acadar a igualdade no mundo. O informe [Gender Snapshot 2025](#) (ONU Mulleres / ONU DESA) alerta de que ningún dos obxectivos de igualdade de xénero da Axenda 2030 vai en traxectoria de cumprimento; se non se inviste moito máis, en 2030 haberá aínda 351 millóns de mulleres e nenas en pobreza extrema. Hai avances claros en educación e saúde (máis nenas escolarizadas e caída de case o 40 % na mortalidade materna desde 2000), pero persisten fendas fortes en participación económica, acceso a recursos, tamén aos dixitais, e representación e poder político.

O índice de igualdade de xénero do EIGE no ano 2025 ([Gender Equality Index 2025: Sharper data for a changing world](#)) sitúa á UE en 63,4 puntos sobre 100, o que o que supón unha mellora de 10,5 puntos desde 2010 pero indica que a igualdade plena segue polo menos a 50 anos de distancia se non se acelera o ritmo. O ámbito do poder e a toma de decisión continúa a ser o aspecto no que é preciso mellorar máis, con fendas de xénero significativas de coidados, tempo libre e repartición do traballo doméstico. A comparabilidade estatística continúa a ser limitada para poder valorar a violencia de xénero nos diferentes países da UE.



Segundo este mesmo informe, España continúa por riba da media – cunha puntuación global de 70,9/100 que nos sitúa na cuarta posición, xunto con outros países do oeste e o norte de Europa–, cun marco normativo sólido e avances na transversalización de xénero nas políticas públicas pero con desafíos que persisten na implementación efectiva. Segundo a ficha de país, destaca positivamente en acceso igualitario ao emprego e á educación, con máis mulleres en estudos superiores e mellora en segregación académica dalgúns ámbitos; e por certos avances no reparto de coidados, actividades sociais e traballo doméstico, aínda que a sobrecarga feminina segue sendo moi alta. Os ámbitos máis febles para España son os de recursos económicos (fenda salarial, pensións, acceso a recursos financeiros) e algunhas dimensións de saúde (diferenzas en estado de saúde percibido, comportamentos de risco e acceso a servizos). E na persistencia de feminicidios e violencias contra as mulleres, unha das grandes materias pendentes.

En conxunto, **2025 podería describirse como un ano bisagra**: hai datos de mellora e marcos legais máis ambiciosos, pero tamén unha mensaxe clara de alerta sobre o risco de retrocesos se non se dispón de recursos, vontade política e mecanismos efectivos de aplicación.

A fenda emocional de xénero describe a distancia entre quen sosteñen a vida e o benestar común cos seus afectos e tempo, e quen se benefician desa infraestrutura emocional sen asumir responsabilidades nin custos equivalentes, e sinala a urxencia de democratizar tamén o dereito a sentir, a coidar e a ser coidadas e coidados en condicións de igualdade. Isto está consolidando unha fenda de xénero ideolóxica, coas mulleres –e os suxeitos feminizados– máis inclinadas cara políticas de benestar, coidados e dereitos sociais, e un número crecente de homes máis próximos a opcións conservadoras, ou mesmo autoritarias, en moitos contextos.

Como teñen explicado autores como [Michael Kimmel](#) en *Hombres (blancos) cabreados* (2023) hai homes que viven a igualdade como ameaza á súa identidade e posición, e por iso sítense atraídos por discursos que prometen restaurar a orde patriarcal. Kimmel recorda que o feminismo implica unha renegociación profunda do contrato social entre mulleres e homes, e que iso necesariamente abre unha fenda ideolóxica con aqueles homes, non máis numerosos pero si máis ruidosos sobre todo nas redes sociais, que se aferran ao privilexio; por iso é preciso implicar aos homes igualitarios como aliados e corresponsables para que poidan recoñecers como beneficiarios dun mundo máis xusto.

A forma en que imaxinamos o mundo está condicionada polos relatos que consumimos: se dominan as distopías, reforzamos o sentimento de colapso inevitable. Porén, a conciencia crítica abren fendas para experimentar outros modelos de relación, de tecnoloxía, de coidado e de poder. Por iso, para este novo ano que comeza, no [Calendario de igualdade 2026](#) pensamos sobre as utopías feministas e preguntámonos sobre que nos queda por imaxinar para construír un mundo mellor.

As utopías clásicas foron, na súa maioría, obras masculinas que reproducían xerarquías de xénero e invisibilizaban os coidados e os corpos, experiencias e necesidades das mulleres. As críticas de [Ruth Levitas](#) ou [Lyman Tower Sargent](#), entre outras figuras, desmontan esa falsa neutralidade e denuncian a ilusión dun «universal» que exclúe á maioría.

Desde a [Cidade das mulleres](#) (1405) de Cristina de Pizán ata as obras especulativas de Begum Rokeya, Ursula K. Le Guin, Octavia Butler ou Nnedi Okorafor, a ficción feminista vén combinando denuncia e imaxinación para romper co que se presenta como natural. Esta xenaloxía mostra que o feminismo é un proxecto utópico: unha intelixencia colectiva que, fronte á misoxinia e aos retrocesos, insiste en abrir procesos de transformación sostidos na xustiza, a liberdade e a interdependencia.

*Desde a *Womanhouse* (1972) de Judy Chicago e Miriam Schapiro, pasando polos fotogramas incómodos de Cindy Sherman ou o tempo doméstico de *Jeanne Dielman* (1975) de Chantal Akerman, estes universos son laboratorios onde ensaiar vidas máis xustas. O pensamento tecnofeminista de [Donna Haraway](#), [Rosi Braidotti](#) ou [María Puig de la Bellacasa](#), e experiencias como [FemTechNet](#) ou [Hack the Earth](#), propoñen tamén alianzas entre corpos, máquinas e territorio que desbordan o mito dun progreso extractivista.*

Estas experiencias non ignoran a crise ecosocial, o horrorismo e o xiro patriarcal; respóndenlles con contrapoderes que poñen a defensa da vida, a democratización dos coidados e a xustiza global no centro. As utopías feministas non son mapas pechados, senón procesos en curso que se encarnan en prácticas sociais e comunitarias concretas. As casas autónomas de [Mujeres Creando](#) en Bolivia, a [Casa delle done Lucha y Siesta](#) en Italia, a [Sudakasa](#), a [Casa das Defensoras Basoa](#) ou o proxecto do [LarLilás](#), redes de coidados veciñais, mareas violetas, folgas de coidados ou espazos autoxestionados de maiores mostran como o desexo utópico se converte en infraestrutura de vida. Ao mesmo tempo, voces como [Chandra Talpade Mohanty](#) ou [Nancy Fraser](#) lembran que estas utopías deben ser tamén decoloniais e antineoliberais, evitando impoñer modelos únicos e cuestionando as lóxicas do mercado e as xerarquías globais.

No contexto universitario, pensar utopías feministas significa converter a universidade en espazo libre de violencias machistas, pero tamén en laboratorio de mundos posibles nos que a vida se sitúe no centro. Significa recoñecer que cada proxecto docente, cada liña de investigación, cada asociación estudantil, cada servizo administrativo pode ser un pequeno vagalume: unha faísca que nomea e constrúe outras formas de convivir. A utopía non é un lugar distante, senón unha práctica situada que se tece no presente; e a universidade é un dos escenarios privilexiados para aprender a imaxinar, nomear e soste a esperanza de formar parte dun mundo mellor. Se podemos imaxinar o fin do mundo, por que non o fin da desigualdade de xénero?

RECURSOS

Radiografía da violencia machista dixital. Unha análise crítica da representación na prensa dixital galega. Quinto informe do Observatorio de Machismo Dixital da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo. (GA) [+Info](#)

Gender On Digital. Journal of Digital Feminism. Vol. 3 Reflexións sobre a sociedade dixital e o xénero. (GA/ES) [+Info](#)

Recoñecendo o traballo académico das mulleres: explorando como a universidade neoliberal prexudica a promoción da docencia feminista. (EN). [+Info](#)

Filanderas. Revista Interdisciplinar de Estudos Feministas. Núm. 10 (2025). (ES) [+Info](#)

Monografías feministas IN_Mujeres Beijing+30. (ES). [+Info](#)

Análise do discurso misóxino nas redes. Una aproximación ao uso do termo «Charo» na cultura do odio. (ES). [+Info](#)

25N: Ante as violencias sexuais, nós avanzamos cara á igualdade. Gravación da xornada. (GA) [+Info](#)

Como se empregan o xénero e a raza na desinformación? Un estudo exploratorio sobre as mulleres políticas. (EN) [+Info](#)

¿Como é o persoal médico? Preguntandolle á IA. (EN) [+Info](#)

Turismo, consentimento e resistencia: unha perspectiva gramsciana. (EN) [+Info](#)

Exposición a PFAS e alteración endócrina entre as mulleres. (EN) [+Info](#)

Caza de bruxas da extrema dereita: discursos mediados de xénero, consentimento e vitimización masculina no fútbol feminino. (EN) [+Info](#)

Recomendacións prácticas para a prevención de lesións de atletas femininas e nenas (FAIR). Reunión de consenso do Comité Olímpico Internacional (COI) celebrada en Lausana, Suíza, 2025. (EN) [+Info](#)

Disparidades nos partos por cesárea primaria segundo a orientación sexual: unha análise baseada na poboación en tres cohortes lonxitudinais. (EN) [+Info](#)

Pode o cambio nas crenzas sobre o sexo planificado levar a ter relacións sexuais máis frecuentes e a un maior desexo e satisfacción? Un estudo experimental de proxenitores con criaturas pequenas. (EN) [+Info](#)

A rede xénica do receptor da insulina cerebral configura o risco de enfermidades metabólicas despois do estrés na infancia nas mulleres. (EN) [+Info](#)

Información inmunometabólica sobre a saúde das mulleres en todas as idades. (EN) [+Info](#)

Xuventude, traballo e equidade: repensando o traballo decente desde unha perspectiva de xénero. (EN) [+Info](#)

Situación dos centros de crise para vítimas e superviventes de violencia sexual. (ES) [+Info](#)

EVA e as aventureiras do ceo. (ES) [+Info](#)

O xénero asignado á IA afecta á cooperación entre humanos e IA. (EN) [+Info](#)

Soidade e conexión na idade adulta emerxente: a ambivalencia da socialidade nunha época de transicións. (EN) [+Info](#)

Teletraballo e división do traballo doméstico: o papel das actitudes de xénero en Alemaña. (EN) [+Info](#)

A importancia dos grupos de apoio mutuo entre mulleres na loita fronte á violencia machista. (GA) [+Info](#)

Resolución na que se aproba o IV Plan para a igualdade de xénero na Administración Xeral do Estado e nos Organismos Públicos vinculados ou dependentes dela. (ES) [+Info](#)

Un sorteo antes da revisión por pares está asociado cun aumento da representación feminina e cun menor custo económico estimado nunha liña de financiamento alemá. (EN) [+Info](#)

Violencia de xénero e reparación económica: presentar o caso desde un novo enfoque. (EN) [+Info](#)

Innovacións biomédicas na anticoncepción: lagoas, obstáculos e solucións para a saúde sexual e reprodutiva. (EN) [+Info](#)

A matriculación universitaria, a residencia no campus, o movemento contra a violación nas universidades e o risco de violencia sexual entre mulleres de 18 a 24 anos. (EN) [+Info](#)

Desafiando a cegueira de xénero na docencia universitaria. Guía práctica para a formación de profesionais do ámbito socioeducativo con infancia, adolescencia e familia. (ES) [+Info](#)

Guía práctica para la formación de profesionales del ámbito socioeducativo con infancia, adolescencia y familia. (ES) +Info

Masculinidade inventora: innovación, competencia e privilexio masculino na ciencia académica. (EN) +Info

Do extremo norte á extrema dereita: a masculinidade branca e o mito de Hiperbórea. (EN) +Info

Masculinidades do coidado e as políticas de representación feminista nos medios portugueses. (EN) +Info

Rompendo barreiras: dez pasos esenciais para acadar a igualdade de xénero no ámbito académico a través das sociedades científicas. (EN) +Info

REVISTAS

Revista ex æquo número 52 | 2025. Dossier «Consentimento e violencia sexual». (PT/EN/ES) [+Info](#)

Clepsydra Núm. 29 (2025): Cando o xénero fala: crenzas, discursos e usos lingüísticos. (ES) [+Info](#)

Journal of Feminist, Gender and Women Studies. Monográfico: Representacións contemporáneas de mitos femininos e masculinos. (ES) [+Info](#)

Gender & Society Volume 39 (outubro do 2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Work & Organization: Volume 32, Issue 6. (EN) [+Info](#)

Biology of Sex Differences. (EN) [+Info](#)

Femeris. Vol. 10 Núm. 3 (2025). (ES) [+Info](#)

Journal of Feminist, Gender and Women Studies. (2025). (ES) [+Info](#)

Revista igUALdad. Volume 27 (2025). (ES) [+Info](#)

Social Politics. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)

Sexualities. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Technology and Development. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)

Feminist & Psychology. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)

Women & Therapy. Volume 48 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Feminist Anthropology*. Volume 5 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology & Sexuality*. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Economics*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Legal Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence and Gender*. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)
- Hypatia*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Revista Estudos Feministas*. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 152 (2025). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 26 (2025.) (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender Issues*. Volume 42 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Journal of Women and Aging.* Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics.* Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering.* Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs.* Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health.* Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture.* Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies.* Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence.* Volume 9 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice* Volume 35 (2025) (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum.* Volumes 111 (2025). (EN) [+Info](#)
- Géneros.* Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's History Review.* Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Histories.* Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)
- Religion and Gender.* Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality Research and Social Policy.* Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

- A Unidade de Igualdade propón un 2026 de utopías feministas para construír un mundo mellor.* (GL) [+Info](#)
- Premios GirlGeekPower para catro alumnas excelentes que «abren camiño» en ciencias e enxeñaría.* (GL) [+Info](#)
- A UVigo participa nun proxecto estatal sobre a correlación entre cambio climático e desigualdade de xénero.* (GL) [+Info](#)
- Un cómic e cinco vídeos para visibilizar o talento feminino no ámbito aeroespacial.* (GL) [+Info](#)
- A UVigo lidera unha investigación sobre a influencia dos conflitos sexuais na evolución dos insectos.* (GL) [+Info](#)

NOVAS

Premios GirlGeekPower para catro alumnas excelentes que «abren camiño» en carreiras STEM. (ES) [+Info](#)

Un tribunal de Moscú ilegaliza ao grupo punk Pussy Riot tras declaralo organización extremista. (ES) [+Info](#)

O Goberno inicia a tramitación dun anteproxecto de lei polo que se regula o exercicio da profesión de axente de igualdade. (ES) [+Info](#)

Sudáfrica declara a violencia de xénero unha «catástrofe nacional». E agora que? (ES) [+Info](#)

Un «chatbot» sexual que relativiza o incesto e as violacións: «Queres facer algo prohibido, irmán maior?». (ES) [+Info](#)

O discurso de Vox estigmatiza o deporte feminino: os seus votantes son máis propensos a non apoiar ás futbolistas. (ES) [+Info](#)

Absolven aos 21 antiabortistas que acosaban a mulleres fronte a clínicas vascas. (ES) [+Info](#)

Meta pecha contas globais vinculadas a consellos sobre o aborto e contido queer. (EN) [+Info](#)

Cartas sexualmente explícitas sobre activistas no exilio en Hong Kong enviadas a direccións do Reino Unido e Australia. (EN) [+Info](#)

«O patriarcado cala fondo»: as mulleres seguen a levar a peor parte no lugar de traballo mentres a igualdade segue a ser un soño. (EN) [+Info](#)

As gardiás do nacemento: eu elixo isto. (EN) [+Info](#)

Unha lei modelo para enfrontar a violencia dixital contra as mulleres de Latinoamérica. (ES) [+Info](#)

A instrumentalización do feminismo pode facer gobernar á dereita. (ES) [+Info](#)

Readmitido o garda civil condenado por violencia machista por un «erro» do Ministerio de Defensa. (ES) [+Info](#)

Que é a «womanósfera»? O ecosistema dixital das ideas conservadoras exténdese en redes sociais. (ES) [+Info](#)

O partido de Le Pen propón reabrir prostíbulos pechados no Estado francés. (ES) [+Info](#)

AfrofeminasGPT: unha intelixencia artificial decolonial e antirracista. (ES) [+Info](#)

Cando as veciñas corrixen aos arquitectos. (ES) [+Info](#)

Indignación en Italia por un proxecto de lei de educación sexual para reprimir a «ideoloxía de xénero». (EN) [+Info](#)

O Ministerio de Igualdade presenta a Macroenquisa de Violencia contra a Muller tras un proceso estatístico de mellora. (ES) [+Info](#)

O imparable triunfo do fútbol feminino español. (ES) [+Info](#)

Un xuíz investiga á Complutense pola súa inacción tras coñecer que un profesor agrediu sexualmente a unha alumna. (ES) [+Info](#)

Destapan en Castro Urdiales un chat de máis de 90 homes que compartían fotos íntimas das súas parellas sen consentimento. (ES) [+Info](#)

Capítulo 12: A exaltación da masculinidade. (ES) [+Info](#)

Bogotá suma aliados privados no seu esforzo por frear a violencia contra as mulleres. (ES) [+Info](#)

O Congreso peruano aproba unha norma que elimina o enfoque de xénero: «É un retroceso de décadas e é inaplicable». (ES) [+Info](#)

Cando o medo marca a sexualidade da xuventude. (ES) [+Info](#)

Yayo Herrero: «O apoio mutuo, a colaboración, é unha característica inherente a toda vida». (ES) [+Info](#)

DATOS

Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2024. [+Info](#)

Informe Global de Fenda de Xénero 2025. [+Info](#)

Índice de Igualdade de Xénero 2025: Datos máis precisos para un mundo cambiante. [+Info](#)

Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2025. A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego, inglés e adaptado a lectura fácil

Recursos contra as violencias machistas da UVigo (GA/ES/EN e lectura fácil) [+Info](#)

Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo (GA, ES e Lectura fácil) [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades)
[Cita previa](#)

Centros de crise 24h Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)

- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Resolución do 10 de decembro do 2025, da Secretaría de Estado de Igualdade e para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 17 de novembro de 2025, relativo á acreditación das situacións de violencias sexuais. [+Info](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia

de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)